

SR. ALCALDE DE LUGO:

Eu, D....., maior de idade, con DNI nº....., e teléfono , en nome e representación da Asemblea da Zona de Lugo da Asociación Cívica "A Mesa pola normalización Lingüística", con enderezo a efectos de notificación en....., teño a ben facerlle as seguintes

MANIFESTACIÓNS:

1ª Como cidadáns residentes na vila de Lugo podemos constatar que numerosa documentación que depende directa ou indirectamente do Concello está redactada en castelán, sen opción para os usuarios para recibila na nosa lingua.

Un deses documentos é o que expiden as máquinas de aparcamento da ORA, que están impresas en castelán. Dende a nosa asociación podemos comprobar que outras cidades que posúen este sistema de xestión dos aparcadoiros públicos, como Santiago de Compostela (do que achegamos papel), si teñen os impresos redactados na nosa lingua, co que entendemos que a máquina en si non ten ningunha caste de impedimento tecnolóxico para expedir os tickets en galego. Se a máquina non o ten, o Concello tampouco debera telo, e cumprir así co papel dinamizador que lle corresponde no eido local da nosa lingua, en cousas tan pequenas pero que poden axudar a facer normal a presenza do galego na esfera pública municipal.

2ª Na medida en que entendemos que esta medida de fomento da lingua nin é custosa nin a ninguén lle ocasiona problemas de comprensión, solicitámoslle o seguinte:

Que ordene á Concellalía competente que por si ou pola empresa concesionaria do servizo proceda á impresión e reposición dos papeis das máquinas da ORA, de xeito que a medida que se vaian acabando sexan reemprazados por outros escritos na nosa lingua.

Doutra banda aproveito a ocasión para lle dicir que dende A MESA estamos ao seu dispor e ao do Concello para calquera asunto relacionado coa normalización da nosa lingua a nivel municipal, e que conte con nós para o que precise neste eido,

Seguros da comprensión por vostede da xustiza da nosa petición e agardando axiña novas súas, reciba un cordial saúdo,

Asinado,

Lugo, 7 de marzo de 2007.